

## MANIFESTO DOS VECIÑOS DE AS CONCHAS

14-08-2011

Moi bon día queridos limiaos, estamos eiquí porque a administración non nos defende. Este é o momento da sociedade civil. Este é o noso momento.

### **Identificamos o problema:**

O noso río xa non é o noso río. Ese espacio lúdico que nos acompañou a nós, os nosos pais, os nosos avós e bisavós. **¿é os noso fillos que lles queda?**

Este depósito de residuos tóxicos

### **Identificamos os culpables**

Estos son os seus cargos, cos seus nomes e apelidos.

- Sr. Francisco Fernández Liñares. Presidente da Confederación Miño-Sil. Responsable da calidade das augas dos nosos ríos. Que por o seu grado de incompetencia e irresponsabilidade dende o seu nomeamento conduciunos a esta crítica situación.
- Dona Rosa Aguilar Rivero, Ministra De Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, por permitir o deterioro tan alarmante de este espacio único: Reserva da biosfera, Parque natural, Zona de especial protección de aves. A señora Aguilar preguntamos-lle que medidas correctoras vai levar a cabo para restaurar o equilibrio perdido.
- A Xunta de Galicia. ¿Onde andan metidos ante problemas tan graves que están a acontecer no noso territorio? ¿porqué non nos defenden?¿por qué non nos protexen?
- Sra. Pilar Farjas, Conselleira de Sanidade, ¿qué medidas vai a tomar tanto correctoras, como preventivas e protectoras coa xente que estivo en contacto e está con estas augas?
- Sr. Agustín Hernández, Conselleiro de Medio Ambiente e Infraestructuras, ¿qué está pasando cos elementos contaminantes que estan vertendo o noso río?

- Sr. Samuel Juárez, Conselleiro de Medio Rural, ¿hasta cando vai a permitir que a nosa fauna e a nosa flora sigan desaparecendo? Sr. Conselleiro: No Limia xa case non temos rás, case non temos aves e os nosos peixes está contaminados, ¿qué pensa facer ante tanta desfeita?
- E o terceiro responsable, Gas Natural Fenosa, ¿onde andan?, ¿qué están a facer?, ¿produce máis electricidade co río contaminado?, ¿pensa que é propietaria do noso río?. Pois non señores responsables de Gas Natural Fenosa, vostedes son concesionarios dun ben noso que ten a obriga de cuidalo, protexelo e entregalo no seu día en perfectas condicións. Porque este ben é un préstamo que lle fixeron os nosos fillos, non é unha venda que lle fixeron os nosos avos

### **Os nosos dereitos temolos claros e vamos a defendelos**

O noso río esixelle tres tipos de medidas de forma urxente:

1. Parada inmediata de vertidos tóxicos
2. Limpeza e descontaminación
3. Control continuo da calidade das suas augas

Gracias, moitas gracias a todos por estar eiqui

Un agradecemento especial:

O Ateneo de Ourense

A Sociedade Galega de Historia Natural

E os medios de comunicación

E un profundo agradecemento a Universidade Complutense de Madrid, Personalizado no seu Catedrático Dr. Eduardo Costas por a calidade dos análisis, por o rigor científico e por a súa sensibilidade con esta problemática.

Empezamos a andar. A todos ánimo e adiante.